

ADDENDA AO PROCEDEMENTO DE SEGUIMENTO E CONTROL DA DOCENCIA PARA A SÚA ADAPTACIÓN AS CONDICIÓN DE EMERXENCIA SANITARIA DURANTE O CURSO 2020/2021

Addenda ao punto 2. Planificación docente e xestión das Guías docentes (prazos, aprobación, revisión e publicación)

Base legal:

Resolución Reitoral de 17 de xuño de 2020 para a implementación do acordo do 12 de xuño, do Consello de Goberno sobre medidas extraordinarias e urxentes para o desenvolvemento da organización docente no curso 2020/2021 en caso de crise sanitaria.

Documento Medidas extraordinarias e urxentes para o desenvolvemento da organización docente no curso 2020/2021 en caso de crise sanitaria

Instrución da Vicerreitoría de ordenación académica e profesorado 3/2020, do 23 de xuño de 2020, sobre a elaboración das guías docentes para o curso 2020/21, na guías docentes do curso 20/21

Acción desenvolvida: as guías docentes deben reflectir as adaptacións necesarias para a impartición e avaliación da materia tanto en modalidade mixta como en modalidade non presencial.

Addenda ao punto 3. Seguimento da asistencia ás clases.

Base legal:

Resolución Reitoral de 17 de xuño de 2020 para a implementación do acordo do 12 de xuño, do Consello de Goberno sobre medidas extraordinarias e urxentes para o desenvolvemento da organización docente no curso 2020/2021 en caso de crise sanitaria.

Liñas básicas da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo en materia de docencia (versión 2; 22/07/2020)

Resolución de 17 de xullo de 2020 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade.

Plan de Prevención e Control sanitario do Centro fronte á COVID-19 Curso 2020-2021

Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo (PPCC) REV.V03 (18/09/2020). Art. 5.2.1.

Circular interna 70/2020 de 18 de setembro remitida ao profesorado do Centro (Procedemento docencia mixta)

Circular interna 71/2020 de 18 de setembro remitida ao profesorado do Centro (Guía QR)

Circular interna 72/2020 de 19 de setembro remitida ao profesorado do Centro (Docencia mixta: instrucións básicas unha vez no aula)

Acción desenvolvida:

Durante o curso 20/21 realizarase un control de seguimento de asistencia ás clases por parte do profesorado a través dun control por códigos QR que substituiría, por razóns hixiénico sanitarias, aos tradicionais partes en papel.

O profesorado deberá escanear o código QR ao inicio da súa clase quedando rexistrado nunha aplicación informática ao que ten acceso o Decanato. Si algún profesor/a ten problemas técnicos para escanear o QR o esquécese de facelo deberá comunicar tal incidencia ao Decanato.

Addenda ao punto 4. Horarios de titorías, detección e xestión do incumprimento das mesmas**Base legal:**

Plan de Prevención e Control sanitario do Centro fronte á COVID-19 Curso 2020-2021

Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo (PPCC) REV.V03 (18/09/2020). Art. 5.5.

Accións desenvolvidas:

Previsión no PPCC do Centro: Nos despachos do profesorado, en relación coas titorías, evitarase na medida do posible, a afluencia de estudantes nas salas ou despachos de pequeno volume. Realizar, na medida do posible, a atención ao alumnado, mediante ferramentas informáticas e Internet, evitando a atención directa no despacho.

Activación dos despachos virtuais (salas de profesorado) no Campus remoto e publicación dun link directamente ao despacho na ficha web do profesorado do Centro.